

Expediente IN408A 2018/025. Proxecto do parque eólico Abrente nos concellos de Vilasantar, Sobrado e Curtis

Á XEFATURA TERROTORIAL DA CORUÑA, VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

_____ con DNI
_____ actuando no meu propio nome e representación,
con domicilio en _____
_____, perante esa Administración comparezo e

DIGO:

Con data 1 de decembro de 2022 foi publicado no DOG nº 229 Acordo do 22 de novembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Abrente nos concellos de Vilasantar, Sobrado e Curtis (expediente IN408A 2018/025).

Que, en tempo e forma, polo presente, en contexto do trámite aludido, procédese a evacuar as seguintes

ALEGACIÓNS

1ª.- Fragmentación fraudulenta. Cabe cuestionarse se o Parque Eólico Abrente non é apenas unha parte dun parque eólico maior na medida en que, por si non podería operar, fora desta malla industrial, levando en conta que a referida LAT 132 kV, que por seu turno, evacúa a enerxía producida polos parques eólicos do Gasalla, Legre Solpor e o propio Abrente, como se desprende da tramitación dos expedientes que se seguen: IN408A 2020/124 LAT 132 kV SET PE Gasalla-SET colectora Mesón 132/220 kV, IN408A 2020/145 subestación colectora Mesón 220/132 kV como parte do proxecto LAT 220 kV Gato-Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV, IN408A 2020/97 Parque eólico Legre, IN408A 2018/26 Parque eólico Solpor.

2ª.- O proxecto incumpre as previsións do PNIEC 2020-2030. Non considera a repotenciación como alternativa a pesar da

concentración de parques eólicos na zona de afección. Na súa área nun radio de 15km hai os parques xa autorizados ou en funcionamento que seguen:

1. PE Codesas Fase I (explotación ou autorizado)
2. PE Codesas Fase II (explotación ou autorizado)
3. PE Cova da Serpe (explotación ou autorizado)
4. PE Cova da Serpe ampliación (explotación ou autorizado)
5. PE Feás (en tramitación)
6. PE Felga (en tramitación)
7. PE Fontella (en tramitación)
8. PE Gasalla (en tramitación)
9. PE Gato (en tramitación)
10. PE Legre (nova solicitude)
11. PE Pena da Cabra (nova solicitude)
12. PE Pena Ombra (en tramitación)
13. PE Penas Boas (en tramitación)
14. PE Seselle (nova solicitude)

3ª.- Alternativa 3 xa preconcebida. Así sendo, o Estudo de Impacto Ambiental carece de análise de alternativas á opción elixida, pois a opción a Alternativa 3 aparece desde principio como a única opción realmente viable para os intereses do promotor.

4ª.- Trátase dunha zona cunha presión industrial excesiva. Comarca con multitude parques eólicos, funcionando, en tramitación e en solicitude, como o PE Codesas Fase I, PE Codesas Fase II, PE Cova da Serpe, PE Cova da Serpe ampliación, PE Feás, PE Felga, PE Fontella, PE Gasalla, PE Gato, PE Legre, PE Pena da Cabra, PE Pena Ombra, PE Penas Boas e PE Seselle. Pero ademais, dentro da área de estudio do EIA atópase, segundo o Anexo 3 da Memoria de EIA (páx 11 e 12) as liñas eléctricas de alta e media tensión: LAT 132 kV SET PE Gasalla - SET Colectora Mesón do Vento, LAT 132 kV de Evacuación del PE Legre. A una distancia aproximada de 9.900 m de la zona de implantación del parque eólico Abrente, Líneas de evacuación obtenidas del Visor del Plan Básico Autonómico, LAT C1 COD SDG 66 kV, LAT C1 MES CES 66 kV, LAT C1 SDG FRO 66, LAT MES SDG 220, LAT C1 PSL SDG 66, LAT C1 GOM SDG 66, LAT C1 ASA SDG 66, Líneas de media tensión (LMT) que dan suministro eléctrico a los núcleos de población y otros puntos de consumo. En suma, estamos diante de un territorio cuxa presión industrial é obxectivamente excesiva.

5ª.- A construción do parque eólico non contribúe á consecución dos obxectivos enerxéticos propostos nas Directrices Enerxéticas 2018-2020 da Xunta de Galicia, aprobadas o 8 de marzo do 2018, e que buscan que entre o 85 e o 90% do consumo eléctrico galego proveña de fontes renovables.

6ª.- Nas inmediacións do parque sitúanse importantes núcleos de poboación e aínda nas proximidades dos aeroxeradores sen respectar as distancias mínimas. Plano xeral da localización dos aeroxeradores:



7ª.- Ruídos e calidade acústica. Estudo insuficiente nos núcleos de poboación: Brai (ABR-01), Xemerás (ABR-03 e ABR-05), e moi próximo tamén Fraga (ABR-05) e A Casanova (ABR-04).

8ª.- Efecto sombra intermitente (shadow flicker). Estudo insuficiente por tratarse de unha análise preliminar (Anexo 6).

9ª.- Os efectos severos sobre a paisaxe. Estudo insuficiente en atención ás previsións do Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000 ratificado polo Estado español, así como coa disposición indicada polo *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* (MTERD) no informe “Alcance de estudio de impacto ambiental de proyecto eólico terrestre”, no que se apunta que a análise

paisaxística dun parque eólico debe abarcar un radio de 25 km, incluíndo “principales zonas (pueblos), líneas (carreteras, caminos) o puntos (miradores) de concentración de observadores” (MTERD, 2020: 16).

10ª.- A Declaración de Interese Autonómico non é coherente cos requisitos do Art. 41.2.c) da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. A xustificación ofrecida pola promotora observamos que a única transcendencia que se alega no proxecto é o seu carácter supramunicipal, o que resulta claramente insuficiente para acordar o seu interese público.

11ª.- Sobredimensionamento da poligonal do parque

12ª.- Impacto socioeconómico. O Estudo de Impacto Ambiental non analiza o impacto, económico e social, sobre os montes e as explotacións na area de afección do proxecto.

13ª.- A avaliación do impacto sobre a avifauna e quirópteros contradí o disposto nas directrices que o EIA empresa na súa metodoloxía (“Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos”, realizada por Atienza *et al.*, 2011).

14ª.- O estudo de caracterización de quirópteros relativo ao parque eólico non cumpre coas “Directrices básicas para el Estudio de Impacto de Instalaciones Eólicas sobre poblaciones de murciélagos en España” da Asociación Española para la Conservación y el Estudio de los Murciélagos (SECEMU).

15ª.- Afección severa a hábitats prioritarios

- 3110.- Augas oligotrofas cun contido de minerais moi baixo das chairas arenosas (*Littorelletalia uniflorae*)
- 3150.- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion Hydrocharition*.
- 3260.- Ríos, de pisos de planicie a montano con Vexetación de *Ranunculion fluitans* e de *Callitricho - Batrachion*.
- 4020*. - Brezais húmidos atlántico de zonas tépedas con *Erica tetralix* e *Erica ciliaris*.
- 4030.- Brezais secos europeos.
- 4090.- Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga.
- 91EO*. - Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno- Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).

- 9230.- Bosques galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pyrenaica.

16ª.- Afección severa ao patrimonio cultural

1. **GA15090047 - Xacemento do monte Telo.** Practicamente a totalidade das obras para a implantación do muiño ABR01 sitúanse na área de cautela do xacemento.
2. **Necrópolis da Revolta.** Compróbase na documentación achegada a realización de obras sobre o viario que lindado co contorno de protección do conxunto das mámoas da Revolta, se intersecan en algún punto.
3. **GA15090027 - Castro de Armental.** Parte do viario sobre o cal se actuará discorre dentro da área de cautela do Castro de Armental.
4. **15090REF11 - Xacemento de Pena Cabaleira.** Tanto á zanza como o movemento de terras para desmonte ou terraplenado do viario se atopan sobre á área de cautela arqueolóxica do ben.

17ª.- Afeccións sobre os dereitos recoñecidos da concentración parcelaria de San Vicente. Verificamos que as obras afectan de forma directa a traídas privadas e se sitúan moi preto de fontes existentes. A realización das obras podería modificar ou mesmo anular a capacidade hídrica das mesmas. Os elementos directamente afectados son:

ID_ZONA	TTGGSS	DENOMINACIÓN
1501	080211	Rego intermitente
1501	080213	Traída de auga particular
1501	080213	Traída de auga particular

18ª.- Afeccións sobre cauces de auga. Compróbase sobre a cartografía dispoñible para a súa descarga en Augas de Galicia, que as obras afectan directamente a varios cauces e a súa zona de dominio público. Lístanse a continuación aqueles elementos afectados directamente polas obras:

IDCURSO	NOMBRE	CODRIO
100377896212	Rego do Pontigo	
983610008403	S/N	
950140077505	S/N	
983610003919	S/N	
983610003919	S/N	
950140077505	S/N	
983610003391	S/N	

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver negativamente o procedementos de solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Abrente nos concellos de Vilasantar, Sobrado e Curtis (expediente IN408A 2018/025), conforme ao exposto no corpo deste escrito.

En Vilasantar a 10 de xaneiro de 2023.

Asdo: